



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 16 DE AGOSTO DO 2018.

ASISTENTES:

<p>Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p>Membros que asisten: D^a María Herminia Pouso Maneiro D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D. Antonio Javier Jesús Freire Brión D. Anxo Orellan Fernández D. Víctor Reiriz Lampón D^a Elvira Pereira Ageitos D^a María Esther Patiño Rey</p>	<p>Interventor: D. Pablo Bao Castro</p> <p>Secretario Xeral: D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p>Membros que non asisten: -----</p>
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as dez horas do día dezaseis de agosto do dous mil dezaioito, reúnenos os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Non se presenta ningún acta para a súa aprobación

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 13/08/2018, que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido, e que responde ao seguinte resumo:





Número de relación	2018 – 000033
Importe total	382.440,78 €
Número de facturas	91
1ª factura.	
Emisor (Cif)	15904861Q
Importe	1.396,34 €
Última factura	
Emisor (Cif)	J15707326
Importe	67,20 €

B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta	1	Data	09/08/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Departamento de Informática Ramón Martínez Becerra		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de aluguer durante un ano de 1 impresora multiformato Bizhub C280 para o Departamento de Atención Cidadá		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	NEA F3 IBÉRICA, S.L.U.
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (16/08/2018)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	NEA F3 IBÉRICA, S.L.U.		
NIF/CIF:	B15361348		
Importe (IVE Incluído):	987,36 €		
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

Nº Proposta	2	Data	13/08/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Reposición por rotura e desgaste das catro rodas traseiras do camión Renault C98298CB		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	NEUMÁTICOS TINO, S.L.
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (16/08/2018)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	NEUMÁTICOS TINO, S.L.		
NIF/CIF:	B15244619		
Importe (IVE Incluído):	1.449,92 €		





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.
----------------------	--

Nº Proposta	3	Data	03/08/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Adquisición de fondos en castelán para a Biblioteca Municipal (Subvención Xunta de Galicia)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	LIBRERÍA MIRÁS, S.C.
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (16/08/2018)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	LIBRERÍA MIRÁS, S.C.		
NIF/CIF:	J70236302		
Importe (IVE Incluído):	791,55 €		
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

Nº Proposta	4	Data	14/08/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Xuventude Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de 2 inchables, 2 monitores, música de ambiente, globos e piruletas aptas para celíacos, transporte, montaxe e desmontaxe, co motivo de actividade para rapaces coincidindo con festividade en Castiñeiras		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	VÁZQUEZ, S.C.
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (16/08/2018)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	VÁZQUEZ, S.C.		
NIF/CIF:	J70381082		
Importe (IVE Incluído):	440,00 €		
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

Nº Proposta	5	Data	14/08/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de 2 inchables, 2 monitores, música de ambiente, globos e piruletas aptas para celíacos, transporte, montaxe e desmontaxe, co motivo de actividade para rapaces coincidindo con festividade en Teira-Corrubedo		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	VÁZQUEZ, S.C.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (16/08/2018)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	VÁZQUEZ, S.C.		
NIF/CIF:	J70381082		
Importe (IVE Incluído):	440,00 €		
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

Nº Proposta	6	Data	14/08/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de regado de 20 maceteiros aéreos 3 días á semana de 15/08/2018 a 15/10/2018		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PROPERDIS E.I.L., S.L.U.
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (16/08/2018)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PROPERDIS E.I.L., S.L.U.		
NIF/CIF:	B70271614		
Importe (IVE Incluído):	1.134,38 €		
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

Nº Proposta	7	Data	13/08/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Alcaldía Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de transporte ao Parque Acuático de Cerceda como agasalho aos rapaces integrantes do Corpo da Policía Infantil de Riveira		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	A.SARASQUETE E HIJOS, S.L.
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (16/08/2018)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	A.SARASQUETE E HIJOS, S.L.		
NIF/CIF:	B15020308		
Importe (IVE Incluído):	297,00 €		
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

Nº Proposta	8	Data	13/08/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Alcaldía Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO	Taxas polo uso das instalacións do Parque Acuático de Cerceda		





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

		como agasallo aos rapaces integrantes do Corpo da Policía Infantil de Riveira	
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	CONCELLO DE CERCEDA
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	CONCELLO DE CERCEDA		
NIF/CIF:	P1502400C		
Importe (IVE Incluído):	151,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	9	Data	10/08/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade Mª Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de pancartar de lona con paus laterais e cordas, co motivo da celebración do Día da Familia no Parque de San Roque o 21/08/2018		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	DOSTEX, S.L.
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (16/08/2018)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	DOSTEX, S.L.		
NIF/CIF:	B15944002		
Importe (IVE Incluído):	399,30 €		
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

Nº Proposta	10	Data	10/08/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade Mª Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO	Aluguer de grupo electrógeno de 5000W, co motivo da celebración do Día da Familia no Parque de San Roque o 21/08/2018		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	JUAN MANUEL PÉREZ PÉREZ
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (16/08/2018)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	JUAN MANUEL PÉREZ PÉREZ		
NIF/CIF:	52936417P		
Importe (IVE Incluído):	108,90 €		
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

Nº Proposta	11	Data	10/08/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade Mª Esther Patiño Rey		





DESCRIPCIÓN DO GASTO		Servizo de carga/descarga de material (2 persoas), co motivo da celebración do Día da Familia no Parque de San Roque o 21/08/2018	
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ADER RECURSOS HUMANOS E.T.T., S.A.
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (16/08/2018)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ADER RECURSOS HUMANOS E.T.T., S.A.		
NIF/CIF:	A15469406		
Importe (IVE Incluído):	199,08 €		
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

III.- CONTRATACIÓN.

1.- APROBACIÓN E ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE "ACONDICIONAMENTO DO ESPAZO DEBAIXO DA BANCADA DO CAMPO DE FÚTBOL DE A FIEITEIRA"

Na actualidade parte do espazo situado baixo a bancada do campo de fútbol "A Fieiteira" está sen acondicionar, presentando un estado descoidado e incluso perigoso, posto que o terreo presenta unha configuración complicada. Co fin de satisfacer a demanda de espazo para almacenaxe existente no complexo deportivo, proxectase o acondicionamento desta zona para crear dous espazos independentes destinados ambos ó almacenamento do equipamento municipal.

A tal efecto o arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño, na data xaneiro/2018, redactou o proxecto dos traballos a realizar, por un prezo total de licitación de 33.637,13 euros (orzamento base: 27.799,28 euros; IVE 21%: 5.837,85 euros), e un prazo de execución de 2 meses.

A actuación está financiada pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, segundo notificación de resolución de concesión de subvención (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 25/06/2018 co número 9.683), ditada ó abeiro da Orde do 4 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2018, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (DOG número 5, do 8 de xaneiro).

Consta no expediente:





- 1) Proposta de contratación/memoria xustificativa na que se indica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 27/07/2018, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 2) Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 27/07/2018, no que manifesta que os terreos sobre os que se localizan as obras obxecto de intervención afectan a terreos de titularidade municipal, que os mesmos intégranse dentro dun ámbito clasificado polo planeamento xeral como equipamento público, que a natureza das obras citadas axústanse ás legalmente permitidas, tanto polo planeamento municipal vixente, como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural, e que no presente caso non se precisa de autorización sectorial algunha.
- 3) Informe de supervisión de proxecto asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 27/07/2018, en relación co establecido no artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no que manifesta que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que o presuposto base de licitación do contrato é inferior a 500.000,00 euros e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 4) Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 236 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 27/07/2018, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.
- 5) Documento contable "RC" expedido polo interventor municipal na data 01/08/2018 (número de operación 2018 22014596), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 342.63200.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato de obras cun valor estimado inferior a 40.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), o cal establece:

1. Consideraranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal.

Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.





2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

3. No expediente xustificárase que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non subscribiu mais contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo. O órgano de contratación comprobará o cumprimento de dita regra. Quedan excluídos os supostos encadrados no artigo 168.a.º.

4. Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Para a contratación das obras presentáronse as seguintes ofertas:

Licitador	DNI/NIF	Registro de Entrada		Prezo total (incluído IVE 21%)
		Data	Número	
Construcciones Anspal, S.L.	B-15.985.187	31/07/2018	11.234	29.040,00 euros
Excavaciones Nima, S.L.	B-15.405.335	31/07/2018	11.261	28.904,81 euros
Construcciones Jenaro Cadaval, S.L.	B-15.879.794	01/08/2018	11.305	30.855,00 euros
Domínguez Arias e Hijos, S.L.	B-15.496.235	01/08/2018	11.321	28.506,04 euros
Servicios de Construcción y Contratas, S.L.	B-15.731.292	02/08/2018	11.350	31.390,74 euros

Vista a proposta de contratación, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 08/08/2018.

Vistos os artigos 117, 118, 131.3, e 231 da LCSP, así como o artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Vistas as disposicións adicionais segunda e terceira da LCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO- Aprobar o proxecto redactado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data xaneiro/2018, para as obras de **Acondicionamento do espazo debaixo da bancada do campo de fútbol de A Fieiteira**, por un orzamento total de licitación de 33.637,13 euros (orzamento base: 27.799,28 euros; IVE 21%:





5.837,85 euros), e un prazo de execución de 2 meses, (valor estimado do contrato 27.799,28 euros).

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación como contrato menor.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 342.63200.

CUARTO.- Adxudicar o contrato menor para a realización das obras de **“Acondicionamento do espazo debaixo da bancada do campo de fútbol de A Fieiteira”** á empresa **“Domínguez Arias e Hijos, S.L.”** (CIF: B-15.496.235), no prezo total do contrato de 28.506,04 euros (Base: 23.558,71 euros; IVE 21%: 4.947,33 euros), segundo o seu orzamento que tivo entrada no Rexistro Xeral deste concello na data 01/08/2018.

QUINTO.- Designar como Director das obras ó arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño.

SEXTO.- Esta adxudicación notificarase a todos os licitadores presentados.

SÉTIMO.- Comunicar ó Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

2.- APROBACIÓN E ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE “MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO EN VIXÁN (CARREIRA)”

A rede de saneamento instalada no lugar de Vixán (Carreira) presenta problemas de filtracións de augas en varios pozos de rexistro e no pozo de bombeo existente, ademais de diversas deficiencias no cadro eléctrico e nas bombas, polo que é preciso realizar estas reparacións canto antes para poder poñela en funcionamento. Esta liña non foi entregada a Víaqua, polo que non lle corresponde a esta empresa efectuar os traballos mencionados.

A tal efecto a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data marzo/2018, redactou o proxecto dos traballos a realizar, por un prezo total de licitación de 13.769,00 euros (orzamento base: 11.379,34 euros; IVE 21%: 2.389,66 euros), e un prazo de execución de 1,5 meses.

O investimento foi incluído no **“Plan Provincial de Medio Ambiente (PMA) 2016 – Plan Adicional – 1ª fase”**, aprobado polo Pleno da Excma. Deputación Provincial da Coruña en sesión plenaria ordinaria celebrada na data 25/05/2018, segundo comunicación da Excma. Deputación Provincial da Coruña que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 28/06/2018, co número 9.907.

Consta no expediente:

- 1) Proposta de contratación/memoria xustificativa na que se indica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía





Landeira Pereira, na data 27/07/2018, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.

- 2) Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 27/07/2018, no que manifesta que os terreos sobre os que se localizan as obras obxecto de intervención afectan a viais de uso e titularidade pública, que os mesmos intégranse dentro dun ámbito clasificado polo planeamento xeral como solo urbano, e parcialmente como solo rústico, que a natureza das obras citadas axústanse ás legalmente permitidas, tanto polo planeamento municipal vixente, como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural, e que no presente caso non se precisa de autorización sectorial algunha.
- 3) Informe de supervisión de proxecto asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 27/07/2018, en relación co establecido no artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no que manifesta que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que o presuposto base de licitación do contrato é inferior a 500.000,00 euros e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 4) Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 236 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 27/07/2018, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.
- 5) Documento contable "RC" expedido polo interventor municipal na data 01/08/2018 (número de operación 2018 22014582), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 160.61908.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato de obras cun valor estimado inferior a 40.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), o cal establece:

1. Consideraranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal.

Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas





específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

3. No expediente xustificárase que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non subscribiu mais contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo. O órgano de contratación comprobará o cumprimento de dita regra. Quedan excluídos os supostos encadrados no artigo 168.a.2º.

4. Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Para a contratación das obras presentáronse as seguintes ofertas:

Licitador	DNI/NIF	Registro de Entrada		Prezo total (incluído IVE 21%)
		Data	Número	
Tarrío y Suarez, S.L.	B-15.090.061	30/07/2018	11.164	13.493,62 euros
Excavaciones Nima, S.L.	B-15.405.335	31/07/2018	11.260	13.164,24 euros
Víaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	A-66.141.185	07/08/2018	11.533	13.769,00 euros

Vista a proposta de contratación, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 08/08/2018.

Vistos os artigos 117, 118, 131.3, e 231 da LCSP, así como o artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Vistas as disposicións adicionais segunda e terceira da LCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO- Aprobar o proxecto redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data marzo/2018, para as obras de **Mellora da rede de saneamento en Vixán (Carreira)**, por un orzamento total de licitación de 13.769,00 euros (orzamento base: 11.379,34 euros; IVE 21%: 2.389,66 euros), e un prazo de execución de 1,5 meses, (valor estimado do contrato 11.379,34 euros).

SEGUNDO. - Aprobar o expediente de contratación como contrato menor.

TERCEIRO. - Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 160.61908.





CUARTO- Adxudicar o contrato menor para a realización das obras de **“Mellora da rede de saneamento en Vixán (Carreira)”** á empresa **“Excavaciones Nima, S.L.”** (CIF: B-15.405.335), no prezo total do contrato de 13.164,24 euros (Base: 10.879,54 euros; IVE 21%: 2.284,70 euros), segundo a súa oferta que tivo entrada no rexistro xeral do concello na data 31/07/2018.

QUINTO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

SEXTO.- Esta adxudicación notificarase a todos os licitadores presentados.

SÉTIMO.- Comunicar ó Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

3.- APROBACIÓN E ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE “MELLORAS NA REDE DE SANEAMENTO EN RÚA DE GALICIA E EN RÚA DA BARREIRA”

Nunha inspección recente realizada con videocámara a un tramo dos colectores de saneamento situados na Rúa de Galicia e na Rúa da Barreira, detectáronse varias conexións incorrectas cara a rede de pluviais, o que provoca vertidos directos ao medio que son necesarios eliminar canto antes.

A tal efecto a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data febreiro/2018, redactou o proxecto dos traballos a realizar, por un prezo total de licitación de 7.759,46 euros (Base: 6.412,78 euros; IVE 21%: 1.346,68 euros), e un prazo de execución de 1,5 meses.

Para realizar o investimento concedeuse unha subvención mediante Resolución do 21/05/2018 da directora xeral de Administración Local, por delegación do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (disposición derradeira primeira da Orde do 21.12.2017), de acordo co disposto na Orde do 21 de decembro de 2017 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2018, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 9, do 12 de xaneiro de 2018), segundo notificación que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 24/05/2018, co número 7549.

Consta no expediente:

- 1) Proposta de contratación/memoria xustificativa na que se indica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180268757
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 25/09/2018 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/09/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/09/2018 13:18:03		Fecha: 25/09/2018 Hora: 13:13





Landeira Pereira, na data 27/07/2018, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.

- 2) Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 27/07/2018, no que manifesta que os terreos sobre os que se localizan as obras obxecto de intervención afectan a viais de uso e titularidade pública, que os mesmos intégranse dentro dun ámbito clasificado polo planeamento xeral como solo urbano, que a natureza das obras citadas axústanse ás legalmente permitidas, tanto polo planeamento municipal vixente, como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural, e que no presente caso non se precisa de autorización sectorial algunha.
- 3) Informe de supervisión de proxecto asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 27/07/2018, en relación co establecido no artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no que manifesta que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que o presuposto base de licitación do contrato é inferior a 500.000,00 euros e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 4) Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 236 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 27/07/2018, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.
- 5) Documento contable "RC" expedido polo interventor municipal na data 01/08/2018 (número de operación 2018 22014586), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 160.60901.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato de obras cun valor estimado inferior a 40.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), o cal establece:

1. Consideraranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal.

Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas





específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

3. No expediente xustificárase que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non subscribiu mais contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo. O órgano de contratación comprobará o cumprimento de dita regra. Quedan excluídos os supostos encadrados no artigo 168.a.2º.

4. Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Para a contratación das obras presentáronse as seguintes ofertas:

Licitador	DNI/NIF	Registro de Entrada		Prezo total (incluído IVE 21%)
		Data	Número	
Tarrío y Suarez, S.L.	B-15.090.061	30/07/2018	11.165	7.759,46 euros
Excavaciones Nima, S.L.	B-15.405.335	31/07/2018	11.262	6.738,43 euros
Nemesio Ordóñez, S.A.	A-15.146.608	01/08/2018	11.306	7.753,41 euros

Vista a proposta de contratación, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 08/08/2018.

Vistos os artigos 117, 118, 131.3, e 231 da LCSP, así como o artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Vistas as disposicións adicionais segunda e terceira da LCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO- Aprobar o proxecto redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data febreiro/2018, para as obras de **Melloras na rede de saneamento en Rúa de Galicia e en Rúa da Barreira**, por un orzamento total de licitación de 7.759,46 euros (orzamento base: 6.412,78 euros; IVE 21%: 1.346,68 euros), e un prazo de execución de 1,5 meses, (valor estimado do contrato 6.412,78 euros).

SEGUNDO- Aprobar o expediente de contratación como contrato menor.





TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 160.60901.

CUARTO- Adxudicar o contrato menor para a realización das obras de **Melloras na rede de saneamento en Rúa de Galicia e en Rúa da Barreira** á empresa **“Excavaciones Nima, S.L”** (CIF: B-15.405.335), no prezo total do contrato de 6.738,43 euros (Base: 5.568,95 euros; IVE 21%: 1.169,48 euros), segundo a súa oferta que tivo entrada no rexistro xeral do concello na data 31/07/2017.

QUINTO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

SEXTO.- Esta adxudicación notificarase a todos os licitadores presentados.

SÉTIMO.- Comunicar ó Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

4.- ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE “AGLOMERADO DE RÚA AGRO DA AREA, TRANSVERSAL SIDREIRAS, RÚA CUBELIÑO, CAMIÑO EN CASTRO E EN PETEIRAS.”

Visto o expediente que se tramita para contratar, como contrato menor, as obras de **“Aglomerado de rúa Agro da Area, transversal Sidreiras, rúa Cubeliño, camiño en Castro e en Peteiras”**, cun prezo total de licitación de 60.376,69 euros (Base: 49.898,09 euros; IVE 21%: 10.478,60 euros), cun prazo de execución das obras de 2 meses.

A memoria valorada redactada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data marzo/2018, o expediente de contratación (como contrato menor), e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.60991, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 08/03/2018.

Ao tratarse dun expediente de contratación iniciado antes da entrada en vigor da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e de conformidade co disposto na súa Disposición transitoria primeira, a súa tramitación rexerese pola normativa anterior.

Na adxudicación deste contrato teranse en conta, unicamente, as ofertas económicas realizadas polos licitadores presentados e admitidos. En consecuencia, a adxudicación realizarase a favor da empresa que presente a oferta máis vantaxosa economicamente, consistente no prezo máis baixo.

Para a adxudicación do contrato presentáronse as seguintes ofertas:

Licitador	DNI/NIF	Rexistro de Entrada		Prezo total (incluído IVE 21%)
		Data	Número	
Construcciones Ponciano Nieto,	B-15.293.145	31/07/2018	11.287	44.201,77 euros





S.L.				
Nemesio Ordoñez, S.A.	A-15.146.608	01/08/2018	11.304	47.027,40 euros
Canarga, S.L.	B-15.360.902	07/08/2018	11.525	51.918,41 euros

Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun importe (valor estimado) inferior a 50.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Tendo en conta que o artigo 111 do TRLCSP establece:

“1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 125 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.”

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Vista a proposta de contratación asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, da data 08/08/2018.

Visto o artigo 111 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e en exercicio das competencias establecidas na disposición adicional segunda do citado TRLCSP, así como no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta o seguinte acordo:**

PRIMEIRO.- Adxudicar, como contrato menor, as obras de **“Aglomerado de rúa Agro da Area, transversal Sidreiras, rúa Cubeliño, camiño en Castro e en Peteiras”**, á empresa **“Construcciones Ponciano Nieto, S.L.”** (NIF B-15.293.145), no prezo total do contrato de **44.201,77** euros (Base: **36.530,39** euros; IVE 21%: **7.671,38** euros), segundo o seu orzamento de data 30/07/2018.





SEGUNDO.- Designar como **directora das obras á** enxeñeira municipal **Uxía Landeira Pereira**.

TERCEIRO.- Esta adxudicación notificarase a todos os licitadores presentados.

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

SOLICITUDES DE SUBVENCIONES

Vista a proposta presentada polo Concelleiro de Promoción e Dinamización Económica do Concello de Riveira, Manuel Emilio Perez Outeiral, de data 14/08/2018, en relación coa Orde do 23 de xullo de 2018 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2018. (DOG nº 152, do 9 de agosto de 2018).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria a subvención para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local.

Segundo.- Aprobar o proxecto para o cal se solicita a subvención denominado "Oficina de desenvolvemento Local do Concello de Riveira".

APROBACIÓN, SE PROCEDE, MODELO DE COMODATO "FUNDACIÓN DO MUSEO DE ARTES DO GRAVADO Á ESTAMPA DIXITAL"

Dáse conta e lectura a unha proposta da Alcaldía do seguinte tenor literal:

**CONVENIO DE COMODATO [CONCELLO COMODATARIO]
FUNDACIÓN DO MUSEO DE ARTES DO GRAVADO Á ESTAMPA DIXITAL**

Expediente núm. /20__

ÍNDICE DE DOCUMENTOS

DOCUMENTO	PÁXINAS
------------------	----------------





1 MODELO DE CONVENIO DE COMODATO [CONCELLO COMODATARIO]

2

Expediente núm.:

Convenio de Comodato

Procedemento: Convenio de Comodato [Concello Comodatario].

Asunto:

Documento asinado por: O Alcalde, o Secretario e o particular ou representante de _____.

MODELO DE CONVENIO DE COMODATO [CONCELLO COMODATARIO]

Reunidos en _____, ás _____ do día ____ de _____ de 2018.

Dunha parte:

_____, [Alcalde do Concello ou Concelleiro en quen delegue], [(no seu caso) facultado por Acordo do Pleno de data _____], en representación¹ deste Concello con NIF núm. _____, con domicilio en _____.

En adiante, [Alcalde do Concello ou Concelleiro en quen delegue] será denominado como o **Comodatario**.

E doutra parte:

D. Francisco Javier Expósito Paradela, maior de idade, con NIF núm. _____, con domicilio en _____, actuando como mandatario verbal, en nome e en representación de:

- a) D. Francisco Javier Expósito Seoane, maior de idade, con NIF núm. _____, con domicilio en _____.
- b) D. Alberto Expósito Seoane, maior de idade, con NIF núm. _____, con domicilio en _____.
- c) D. Juan Eugenio Expósito Seoane, maior de idade, con NIF núm. _____, con domicilio en _____.
- d)

En adiante, D. Francisco Javier Expósito Seoane, D. Alberto Expósito Seoane e D. Juan Eugenio Expósito Seoane, serán conxuntamente denominados como os **Comodantes**.

En adiante, o Comodatario e os Comodantes serán conxuntamente denominados as **Partes**.

Ambas as Partes recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal suficiente e necesaria para este acto e libremente:

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que, D Francisco Javier Expósito Seoane, D. Alberto Expósito Seoane e D. Juan Eugenio Expósito Seoane son propietarios da finca registral situada en [dirección], inscrita no Rexistro da Propiedade de [Registro], número [número] en _____

¹ En virtude do artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.





adiante, o **Museo**), destinado a uso de museo como sede da colección de estampas e gravados listados no Anexo I ao presente Contrato(en adiante, a **Colección**), en virtude de escritura de doazón, otorgada o [fecha], ante o Notario de Boiro, D. [Notario], co número [número] de protocolo.

SEGUNDO. Que entre os fins deste Concello está a promoción das actividades de tipo artístico e cultural.

TERCEIRO. Que tanto o Concello como o Museo teñen obxectivos comúns e que, por tanto, é precisa unha colaboración estreita que permita precisar o desenvolvemento da actividade específica deste último.

CUARTO. Que, os Comodantes, están de acordo en ceder o uso gratuíto do Museo a favor do Comodatario, a fin de que o Museo sexa a sede da Colección.

En virtude do exposto, as partes acordan celebrar o presente Contrato de COMODATO(en adiante, o **Contrato**) de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. O obxecto do contrato constitúe o préstamo gratuíto ou comodato do Museo, descrito no Expoñen Primeiro deste Contrato.

En virtude do presente Contrato de comodato, os Comodantes conservan a propiedade do Museo gratuitamente prestado. O Comodatario adquire o uso do Museo para os fins descritos no Expoñen Terceiro.

SEGUNDA. Os Comodantes entregan gratuitamente o Museo, do que conservan a propiedade, a este Concello como Comodatario.

O Comodatario unicamente poderá utilizar o Museo como sede da Colección.

Con esta finalidade, os Comodantes fan entrega do Museo ao Comodatario, con carácter gratuíto e a título de comodato.

TERCEIRA. Os Comodantes e o Comodatario comprométense a que o préstamo gratuíto ou comodatoteña unha duración limitada no tempode dez (10) anos a contar dende a firma deste Contrato, isto é o [data] de xullo de 2028.

Non obstante o disposto noapartado anterior, salvo notificación expresa de terminación por alguna das Partes, seo presente Contrato continúa sendoexecutado polas Partes despoisdotranscurso do prazo inicialmente previsto, considerarase prorrogado por períodos sucesivos de [un ano] de duración.

CUARTA. O presente Contrato extinguirase nos supostos seguintes:

- (a) Polo transcurso do prazo de duración do Contrato previsto na Cláusula Terceira sen necesidade de requerimiento previo ou aviso algún, sen perxucio de que o presente Contrato poida ser prorrogado dacordo co previsto en dita Cláusula.





- (b) *Por resolución anticipada unilateral dos Comodantes, previo aviso por escrito ao Comodatario cunha antelación mínima de un (1) ano.*
- (c) *Por mutuo acordo das Partes formalizado por escrito.*

Acontecida a resolución do presente Contrato por algún dos supostos descritos na presente cláusula, o Comodatario restituirá o Museo e a Colección aos Comodantes.

QUINTA. *O Comodatario obrígase a:*

- (a) *Conservar diligentemente o ben obxecto do presente contrato, destinándoo ao uso pactado, sendo da súa conta e cargo os gastos xerais e as reparacións ordinarias necesarias que se deban realizar como consecuencia do uso habitual do mesmo, as producidas por caso fortuíto e aquelas ocasionadas por motivo distinto do fin para o que foi concedido.*
- (b) *Non destinar o Museo prestado para un uso distinto do convenido no presente Contrato nin a manter o Museo no seu poder máis tempo do convenido.*
- (c) *Responderá da conservación e seguridade do Museo, respondendo por calesquera dano ou pérdidas acontecidas aos mesmos.*
- (d) *Mantero Museo no estado no que o recibiu.*
- (e) *Así mesmo, non reterá o Museo aínda que os Comodantes teñan asuntos pendentes co Comodatario.*
- (f) *Permitirá aos Comodantes así como ás personas que estes autoricen, o libre acceso ao Museo e á Colección.*

SEXTA. *Se o Comodatario informa aos Comodantes con anterioridade dos gastos extraordinarios que vai realizar para o mantemento do ben, este sufragará os gastos correspondentes; unicamente no suposto de perigo para o ben, o Comodatario adoptará as medidas necesarias sen previo consentimento dos Comodantes.*

SÉTIMA. *Responden solidariamente todos aqueles Comodatarios aos que se entrega gratuitamente o Museo.*

OITAVA. *Sen perxucio dos supostos de resolución do presente Contrato recollidos na cláusula Cuarta anterior, o Comodante pode reclamar o ben prestado unha vez concluído o fin.*



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180268757
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 25/09/2018		Fecha: 25/09/2018
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/09/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/09/2018 13:18:03		Hora: 13:13





NOVENA. *No non previsto expresamente nas cláusulas anteriores, será de aplicación o disposto no Código Civil (artigos 1.740 e seguintes).*

DÉCIMA. *No caso de que os Comodantes propoñan a enaxenación, total ou parcial, do Museo, o Comodatario terá dereito de adquisición preferente, tanteo, retracto ou similar fronte a Colección e o Museo.*

DÉCIMO PRIMEIRA. *As Partes acordan expresamente que o presente Contrato terá efectos dende o 1 de xaneiro de 2018. A estes efectos, o Comodatario comprométese expresamente a satisfacer todos os gastos derivados do Museo de conformidade coa cláusula Cuarta do presente Contrato e o artigo 1740 e seguintes do Código Civil, acontecidos dende o 1 de xaneiro de 2018.*

DUODÉCIMA. *As Partes comprométese a elevar a público o presente Contrato e a entregar ao Notario de [lugar] D. [notario] os seus Anexos para que proceda á súa protocolización.*

Lido o presente Convenio polo Secretario, e atopándose conformes todas as partes, asinan todas as copias [tantas copias como partes haxa].

Os Comodantes

D. Francisco Javier Expósito Seoane

D. Alberto Expósito Seoane

D. Juan Eugenio Expósito Seoane

D. Francisco Javier Expósito Paradela

O Comodatario

D. []

ANEXO I

Descrición da Colección

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposta, a Xunta de Goberno Local, acorda por unanimidade dos seus membros, e de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015:

Primeiro: *-Aprobala devandita propoposta, que queda convertida en acordo en todos os seus termos.*

Segundo: *-Notificalo presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.*





Terceiro:-Comunicalo presente acordo ós Departamentos Municipais de Secretaría e Intervención para a emisión dos informes que procedan en aras á efectividade do presente acordo.

Cuarto:-Facultar ó Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a execución do presente acordo.

E para que así conste e xurda os efectos oportunos no expediente da súa razón, asino a presente certificación, sen prexuízo da aprobación definitiva da acta que a contén de acordo co disposto no artigo 206 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e de orde e co visto e prace do Sr. alcalde-presidente, en Riveira, a 3 de setembro de 2018.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario actal., dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle

